

ANEXO IV

NOTA: A proba consta de dúas escenas. Cada actor deberá preparar unha personaxe de cada escena, segundo a indicación da lista de admitidos.

Escena 1: SOLDADOS

PRIMEIRO SOLDADO

Mira, Herodías xa lle boutou de beber ao tetrarca.

SEGUNDO SOLDADO

A raíña Herodías é aquela que leva a mitra negra chea de perlas e o cabelo pintado de azul?

PRIMEIRO SOLDADO

Si, esa mesma é Herodías. A muller do tetrarca.

SEGUNDO SOLDADO

Por aí din que ao tetrarca tiralles moito o viño. Disque ten tres sortes de viño. Un que lle traen da illa de Samotracia, de cor púrpura como o manto de César.

PRIMEIRO SOLDADO

Será. Eu a César nunca o vin.

SEGUNDO SOLDADO

Outro que vén da vila de Chipre, amarelo como o ouro.

PRIMEIRO SOLDADO

O ouro xa che me gusta máis, ves?

SEGUNDO SOLDADO

E o terceiro, que é un viño sici-liano. Un viño rubio como o sangue... No meu país agora deuses xa non hai. Botáronos os romanos. Hai quen di que buscaron agocho no monte, eu non o creo. Botei tres noites eu no monte a buscar por eles e non achei un. Chameinos polos seus nomes e todo, pero non apareceron. Para min que xa morreron.

PRIMEIRO SOLDADO

Pois os xudeus adoran a un deus que non se pode ver.

SEGUNDO SOLDADO

Eu iso non o entendo.

PRIMEIRO SOLDADO

É que eles realmente só cren en cousas que non se poden ver.

SEGUNDO SOLDADO

Iso é ridículo...

Escena 2: MOZO SIRIO/PAXE

O MOZO SIRIO

Que bonita está esta noite a princesa Salomé!

PAXE

Fixate na lúa. Mira que rara está. Parece unha morta. É como unha muller que sae da tumba e que vai por aí buscando mortos

O MOZO SIRIO

Ten algo raro, si. A min paréceme unha princesiña. Ten unha touca amarela e os pés de prata. É talmente unha princesa, e ten dous pés como dúas pombiñas brancas. Mesmo semella que baila.

PAXE

Para min é como unha muller morta. Mira que a modo vai.

O MOZO SIRIO

Que bonita está esta noite a princesa Salomé!

PAXE

Moito miras para ela. Miras para ela xa de máis. Mirar así á xente non trae cousa boa... Aínda ha de vir unha desgraza.

O MOZO SIRIO

Está tan bonita esta noite... e que pálida está! Nunca a vira tan pálida. É como a imaxe dunha rosa branca nun espello de prata.

PAXE

Non mires tanto para ela. Pára un pouco.

O MOZO SIRIO

A princesa tapou a cara co abanico! Mira que manciñas brancas. Mira como se moven, como pombas revoando arredor do pombal. Como bolboretas brancas. Bolboretas brancas, talmente.

PAXE

E a ti que máis che ten? Para que miras? Non fai falta que mires. Aínda ha de vir unha desgraza...